

# ISTO E AQUILO

Ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 20 x 27 cm. 36 páx. 16 €.

**Isto e aquilo** (galego)

ISBN 978-84-1343-041-6. Tras os montes.

**Esto y aquello** (castelán)


ISBN 978-84-1343-042-3. Clásicos contemporáneos.

**Això i allò** (català)

ISBN 978-84-18558-02-3. Clàssics contemporanis.

Máis dunha trintena de accións e de emocións represéntanse, por parellas e de xeito confrontado, neste libro visual de Tomi Ungerer. As únicas palabras que contén son as que identifican cada ilustración: rir - chorar, amar - compartir, ver - mirar, cantar - bailar... Trátase dunha obra pensada en especial para os máis cativos, na liña de títulos anteriores como «Onde está o meu zapato?» e «Caracol, onde estás?», que se remontan á década de 1960.

«Isto e aquilo» foi a súa publicación definitiva, a proba de que continuou traballando practicamente ata os derradeiros días de vida demostrando que nunca perdeu o neno que fora, nin a capacidade do asombro propia da infancia. Afeccionado a establecer chocantes relacións entre palabras e imaxes, os debuxos reflicten o seu sentido do humor, natural e sen filtros, a picardía e o sentido lúdico. O autor presenta así un xogo de contrastes sorprendentes, un exercicio creativo moi especial que, lonxe de subestimar a intelixencia dos meniños con obviedades, representa un desafío á imaxinación e estimula a súa capacidade interpretativa a base de diversión, enxeño e dozura.



Tomi Ungerer

## ISTO E AQUILO



kalandraka

- **Temática:** o significado das palabras, contraste de parellas de palabras e imaxes, vocabulario.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** emocións, accións; xogo, humor; linguaxe, palabras, verbos; libro visual; autor de «[Os tres bandidos](#)», «[Allumette](#)», «[Emilio](#)», «[Crictor](#)», «[Adelaida](#)», «[Rufus, o morcego que adoraba as cores](#)», «[Novos amigos](#)», «[Onde está o meu zapato?](#)», «[Caracol, onde estás?](#)» e «[Non Stop](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/isto-e-aquilo-g>

### Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931 - Cork, 2019)

Os seus primeiros debuxos, de ambiente bélico, reflectían o rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abrangue 40 anos de creación, suma milleiros de traballos de diferentes estilos e máis de 140 libros. Entre outras distincións, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. En 2007 inaugurouse en Estrasburgo o Musée Tomi Ungerer/Centre International de l'illustration.

<http://www.tomiungerer.com>

<https://www.musees.strasbourg.eu/musee-tomiungerer>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com